

Manual do Sistema de Garantía de Calidade

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

7ª edición

Identificación do centro

Centro	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Responsable	Xoán Ramón Doldán García
Enderezo	Avenida do Burgo, s/n. Campus Norte
Correo electrónico	zocodeca@usc.es
Teléfono	881811504

Historial de revisións

Número	Data	Principais modificacións
00	21/12/2009	Edición inicial
01	31/05/2013	Simplificación documental: creación do Manual Simplificado do SGIC e revisión de algúns procesos e procedementos.
02	03/10/2014	Modificación dos indicadores e informes disponibles dentro do SGC
03	22/02/2018	Revisión e simplificación documental: supresión do Manual extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos.
04	21/09/2018	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Revisión e simplificación documental: supresión de procesos e procedementos
05	03/12/2019	Actualización do Manual do SGC da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Inclusión do coordinador de calidade, do organigrama, das novas denominacións dos Vicedecanatos e revisión de erros de formato.
06	27/01/2022	Inclusión dos indicadores propios da Facultade. Incorporación da nova versión da política de calidade ao anexo. Modificación dos procesos institucionais.
07	27/03/2023	Corrección denominación Vicedecanatos, organigrama. Revisión composición Comité Consultivo.

Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Elaborado por	Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	21/12/2022
Aprobado por	Xunta de Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	21/12/2022
Aprobado por	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	27/03/2023

Índice

1	A facultade	3
1.1	Presentación	3
1.2	Organigrama	3
1.3	Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.....	4
1.4	Regulamentos e normas	9
2	Alcance do Sistema de Garantía de Calidade.....	9
3	Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade	10
3.1	Equipo de dirección (ED).....	10
3.2	Comisión de Calidade do Centro(CCC)	11
3.3	Responsable de calidade do centro (RCC)	12
3.4	Comité Consultivo	12
3.5	Comisións de títulos	13
3.6	Coordinador/a de título (CT).....	15
3.7	Coordinador/coordinadora de Calidade	16
4	Mapa de procesos	16
5	Indicadores e informes	20
6	Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit	21
	Anexo I. Política de calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	22

1 A facultade

1.1 Presentación

Os estudos da sección de Ciencias Económicas iníciáanse en Santiago de Compostela na curso 1967-1968 na Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais.

Esta Facultade, que non contaba cun edificio propio, percorreu ao longo de case dez anos edificios como os da antiga Facultade de Dereito, os barracóns do Burgo das Nacións, a Facultade de Farmacia e o edificio de Fonseca, ata chegar en 1976, ao seu emprazamento actual. Tamén no transcurso deste anos, foi variando a súa denominación e acabou por converterse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Os estudos da Licenciatura de Economía así como os da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas aprobáronse no ano 1993, comezándose a impartir o primeiro curso destas titulacións no curso 1993-1994. Posteriormente e xa para adaptarse ás disposicións normativas, aprobáronse novos plans de estudos no ano 2002.


As titulacións que se imparten actualmente son:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Economía
- Máster Universitario en Economía
- Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación
- Máster Universitario en Dirección de Empresas (S)
- Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira
- Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas
- Máster Universitario en Economía

1.2 Organigrama

Na Facultade de Ciencias Económicas o equipo de dirección está formado por 6 persoas, que ostentan os seguintes cargos, en función do seu ámbito de competencias:

- Decano/a
- Vicedecano/a de Calidade e Innovación Docente
- Vicedecano/a de Estudantes e Relacións Internacionais
- Vicedecano/a de Organización Docente e Titulacións
- Vicedecano/a de Relacións coas Empresas e Institucións
- Secretario/a de Facultade



O/A decano/a é o órgano unipersonal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/As vicedecanos/as son nomeados polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo/a decano/a. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a en quen aquel delegue.

O/A secretario/a da Facultade é a persoa fidedigna do Centro. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2, e é nomeado/a polo reitor/a a proposta do decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de tódalas sesións da Xunta de Facultade que incluíra os asistentes, acordos literais e mencións expresas.

Corresponderalle ao equipo decanal a xestión diaria da Facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno das Facultades son:

- Unipersonais: decano ou decana; secretario ou secretaria; vicedecanos ou vicedecanas
- Colexiados: Xunta de Facultade

A **Xunta de Facultade**, como órgano colexiado de goberno do Centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión. Na Facultade coexisten nestes momentos comisións delegadas da Xunta de Facultade que xurdiran no seu día, nun contexto das titulacións moi distinto, con outras xa máis adaptadas ás novas necesidades que implican os estudos regulados ao abeiro do Espazo Europeo de Educación Superior.

A súa composición é a que segue:

- a) O decano/a
- b) Os/as vicedecanos/as

- c) O/a secretario/a, que tamén o será da Xunta
- d) O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos
- e) O/a director/a da biblioteca do centro
- f) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo.
- Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51% do total da Xunta de Facultade.
 - Unha representación do profesorado sen vinculación permanente, que suporá o 8% do total da Xunta de Facultade.
 - Unha representación do profesorado asociado con adicación a tempo parcial, que representará o 2% do total a Xunta de Facultade.
- g) Unha representación do estudantado do 32%. O estudantado de grao representará o 25% e o de máster e doutoramento o 7%.
- h) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Poderá asistir á Xunta de Facultade quen, aínda que non posúa a condición de membro, poida verse afectado polos acordos que se adopten, sempre e cando o solicite expresamente cunha antelación mínima de 72 horas ou por invitación expresa do/a presidente/a. Nestes casos, permitiráselle a asistencia con voz pero sen voto.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade terá a seguinte composición:

- O/a decano/a
- O/a secretario/a
- Os/as vicedecanos/as
- Os/as directores/as dos departamentos con sede na Facultade e un representante dos departamentos con docencia nos graos que teñan a súa sede noutro centro.
- Catro estudantes.
- Dous PAS.

A Comisión Académica do Grao en Administración e dirección de empresas (ADE)

- Decano/a
- Coordinador/a do Grao en ADE
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadores/as de curso do Grao en ADE (1 por cada curso, un total de 4)
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

A Comisión Intercentros do Grao en ADE

- Decanos/as dos centros de Santiago e de Lugo
- Responsables de Calidade dos centros de Santiago e de Lugo
- Coordinadores/as do Grao en ADE de Santiago e de Lugo
- Responsables da UXCD dos centros
- 2 estudantes (1 de Santiago e 1 de Lugo)

A Comisión Académica do Grao en Economía

- Vicedecano/a de Organización Docente e Titulacións (por delegación do Decano/a)
- Coordinador/a do Grao en Economía
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadores/as de curso do Grao en Economía (1 por cada curso, un total de 4)
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

A Comisión de Traballos Fin de Grao (TFG)

- Decano/a
- Vicedecano/a de Organización Docente e Titulacións (por delegación do Decano/a)
- Coordinadores/as dos Graos en Economía e en ADE
- Coordinadores/as da materia TFG nos Graos en Economía e en ADE (1 coordinador/a por grao, un total de 2)
- Responsable da UXCD

A Comisión de Xénero

- Vicedecano/a de Relacións coas Empresas e Institucións (por delegación do Decano/a)
- 2 profesores/as
- 1 estudante
- 1 persoa do persoal de administración e servizos

A Comisión de Calidade da Facultade

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a de Calidade do Centro
- Coordinadores dos títulos de grao e máster con sede nesta Facultade
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

A Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizo

- Vicedecano/a de Calidade e Innovación Docente (por delegación do Decano/a)
- 2 representantes do profesorado
- 1 representante do PAS.
- 1 representante do estudantado.

A Comisión de Actividades Complementarias á Docencia

- Vicedecano/a de Relacións coas Empresas e Institucións (por delegación do Decano/a)
- 2 profesores/as
- 1 estudante.
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

A Comisión de Normalización Lingüística

- Vicedecano/a de Estudantes e Relacións Internacionais (por delegación do Decano/a)
- 3 profesores/as
- 2 representantes do PAS
- 2 representantes dos estudantes.

A Comisión de Biblioteca

- Decano/a
- Director/a da Biblioteca do centro
- un/unha representante de cada departamento con docencia nos graos da Facultade
- 2 estudantes

A Comisión da Mobilidade

- Vicedecano/a de Estudantes e Relacións Internacionais (por delegación do Decano/a)
- coordinadores/as dos distintos programas de mobilidade.
- responsable da UAXCD.

A Comisión de Prácticas en Empresas

- Vicedecano/a de Relacións coas Empresas e Institucións (por delegación do Decano/a)
- coordinadores/as de prácticas en empresa dos graos.
- coordinadores/as de prácticas en empresas dos másters.
- 1 representante do PAS.

A Comisión de Validacións

- Secretario/a da Facultade (por delegación da Decano/a)
- Representantes dos departamentos con docencia nos graos da Facultade
- 2 estudantes de grao e 1 estudante de máster
- Responsable da UXCD

Departamentos con docencia na Facultade:

Bioquímica e Bioloxía Molecular

Ciencia Política e Socioloxía

Dereito Común

Dereito Público Especial e da Empresa

Dereito Público e Teoría do Estado

Economía Aplicada

Economía Cuantitativa

Economía Financeira e Contabilidade

Electrónica e Computación

Enxeñaría Agroforestal

Enxeñaría Química

Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica

Filosofía e Antropoloxía

Física Aplicada

Fundamentos da Análise Económica

Historia

Historia da Arte

Organización de Empresas e Comercialización

Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía

Química Física

Xeografía

1.4 Regulamentos e normas

A Facultade de Ciencia Económicas e Empresariais conta cas normas e regulamentos que rexen os procesos de xestión que en cada caso corresponde:

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Normativa de Traballo de Fin de Grao e de Traballo de Fin de Mestrado de cada un dos Títulos adscritos

Protocolos de coordinación dos títulos de Grao

E outras normas e acordos da Xunta de facultade

Ademais, a facultade réxese, nos seus procedementos e actuacións, pola normativa xeral da USC que lle é de aplicación, os seus Estatutos, Regulamentos Xerais, etc., así como a procedente dos Gobernos e Parlamentos estatal e autonómico, e entidades dependentes como as axencias de calidade (ACSUG).

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da *Facultade* alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da *Facultade* contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a ou director/a non asuma as competencias.
- Proponer á *xunta de centro* para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teña acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á *xunta de centro* dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á *xunta de centro*, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

3.2 Comisión de Calidade do Centro(CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Son membros da comisión:

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a de Calidade do centro
- Coordinadores/as dos títulos de grao e máster con sede nesta Facultade
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

Ademais, o/a decano/a do centro cando o considere oportuno pode proponer outros membros á *xunta de centro* para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.

- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Proponer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou proponer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

3.3 Responsable de calidade do centro (RCC)

O decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/a responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

3.4 Comité Consultivo

A Facultade conta cun Comité Consultivo Externo de Expertos, para que axude ao centro a conseguir os seguintes obxectivos:

- Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do centro.
- Canalizar á sociedade información sobre o centro e facer que teña máis proxección no seu entorno.

- Prestar asesoramento na elaboración e implantación do plan estratéxico do centro.

A participación do seus membros terá carácter voluntario e non será remunerada, e as súas achegas non serán vinculantes.

Son membros do Comité Consultivo Externo de Expertos:

- Entre 10 e 15 representantes de institucións públicas, organizacións sociais, asociacións profesionais...(como por exemplo Colexio de Economistas de A Coruña, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Federación Galega de Municipios e Provincias, Consello de Contas de Galicia, Concellos de Santiago de Compostela, Consellería de Facenda, IGAPE, representación sindical...)
- Entre 10 e 15 representantes de entidades empresariais e banca que teñan vínculo coa Facultade (convenios de prácticas, impartición de charlas e conferencias, cursos...).
- Unha representación dos/as egresados/as dos títulos impartidos na Facultade.

O Comité consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias poderanse articular mecanismos alternativos que permitan participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc).

Co fin de acadar unha actualización permanente da composición do Comité Consultivo, a Comisión de Calidade acordou na súa xuntanza de 21 de decembro de 2022 que as diferentes organizacións galardoadas co premio Fulget pasasen a incorporarse ao Comité (en substitución daquelas que non teñan participado nas últimas xuntanzas).

3.5 Comisións de títulos

O centro conta con unha Comisión de Título para cada un dos seus títulos de grao e mestrado: No caso de titulacións intercentros ou interuniversitarias contará con unha comisión intercentros ou interuniversitaria.

A Comisión Académica do grao en Administración e dirección de empresas (ADE)

- Decano/a
- Coordinador/a do Grao en ADE
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadores/as de curso do Grao en ADE (1 por cada curso, un total de 4)
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

A Comisión Intercentros do Grao en ADE

- Decanos/as dos centros de Santiago e de Lugo
- Responsables de Calidade dos centros de Santiago e de Lugo
- Coordinadores/as do Grao en ADE de Santiago e de Lugo
- Responsables da UXCD dos centros
- 2 estudantes (1 de Santiago e 1 de Lugo)

A Comisión Académica do Grao en Economía

- Vicedecano/a de Organización Docente e Titulacións (por delegación do Decano/a)
- Coordinador/a do Grao en Economía
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadores/as de curso do Grao en Economía (1 por cada curso, un total de 4)
- Responsable da UXCD
- 1 estudante

A Comisión Académica do Máster Universitario en Economía

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a do Máster
- Responsable da UXCD do centro
- 6 representantes do profesorado
- 1 representante do alumnado

A Comisión Académica do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a do Máster
- Responsable da UXCD dos centros
- 6 representantes do profesorado
- 2 representantes do alumnado

A Comisión Académica do Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a do Máster
- Responsable da UXCD do centro
- 8 representantes do profesorado
- 1 representante do alumnado

A Comisión Académica do Máster Universitario en Dirección de Empresas

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a do Máster
- Responsable da UXCD do centro
- 4 representantes do profesorado
- 1 representante do alumnado

A Comisión Académica Intercentros do Máster Universitario en Dirección de Empresas

- Decanos/as dos centros de Santiago e de Lugo
- Responsables de Calidade dos centros
- Coordinadores/as do Máster
- Responsables da UXCD dos centros de Santiago e Lugo
- 8 representantes do profesorado
- 2 representante do alumnado

A Comisión Académica do Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas

- Decano/a
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinador/a do Máster
- Responsable da UXCD do centro
- 7 representantes do profesorado
- 2 representantes do alumnado

As comisións de título velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno dos centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico.

3.6 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables do título de grao ou mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC á proposta do decano/a.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

3.7 Coordinador/coordinadora de Calidade

Será a persoa nomeada pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio á/ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétese en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro (*facultade/escola*) concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

Procesos institucionais

PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade

PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros

PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica

PI-04 Xestión dos recursos humanos

PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-06 Organización e procedementos administrativos

PI-05 Xestión documental

PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros

PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese

PI-09 Xestión de incidencias (SQR)

PI-10 Auditoría Interna

PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade

PI-12 Xestión documental

Nivel de centro

Procesos estratéxicos

Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos no proceso institucional *PI-06 Medición e mellora*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos centros e estará dispoñible na páxina web.

Adicionalmente aos indicadores facilitados pola ACMP, o centro leva a cabo unha enquisa ao comezo do curso sobre o perfil do alumnado entrante e outra enquisa para avaliar a satisfacción do alumnado co traballo fin de grao. A información relativa a estes indicadores está dispoñible na intranet.

[Calidade \(sharepoint.com\)](#)

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

Procesos do sistema		Directrices Fides-Audit					Información pública
		Política e obxectivos de calidade	Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos	Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	
Procesos institucionais	PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade	X					X
	PI-02 Acreditación institucional dos centros	X	X				X
	PI-03 Oferta académica		X	X	X	X	X
	PI-04 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PI-05 Xestión dos recursos materiais					X	X
	PI-06 Organización administrativa			X	X	X	
	PI-07 Medición e mellora de programas e centros	X	X	X	X	X	X
	PI-08 Análise de expectativas e satisfacción	X	X	X	X	X	X
	PI-09 Xestión de incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
	PI-10 Auditoría interna	X	X	X	X	X	X
	PI-11 Revisión pola dirección do SGC	X		X			
	PI-12 Xestión documental						X
Procesos de centro	PE-01 Planificación estratéxica	X	X	X	X	X	X
	PE-02 Revisión e mellora	X	X	X	X	X	X
	PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación		X	X			X
	PC-02 Planificación das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-03 Apoio a estudantes		X	X			X
	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		X	X	X	X	X
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		X	X	X	X	X
	PS-01 Xestión dos recursos humanos				X		X
	PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos					X	X
	PS-03 Xestión documental						X
	PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades	X	X	X	X	X	X
	PS-05 Xestión das incidencias (SQR)		X	X	X	X	X
PS-06 Información pública	X	X	X	X	X	X	

Anexo I. Política de calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política marcando como principal obxectivo desta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Misión

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten como misión a transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable, coa finalidade de formar a futuros profesionais con profundos coñecementos teóricos e prácticos, capaces de xestionar todo tipo de empresas (públicas, privadas, industriais ou de servizos), satisfacendo as necesidades do mercado laboral neste ámbito, e comprometidos co desenvolvemento socioeconómico sostible mediante programas de ensino de calidade. Ademais, é unha facultade comprometida coa investigación para mellorar a comprensión da realidade económica e favorecer o progreso da sociedade.

Visión

A súa visión é manter un forte compromiso coa formación de máxima calidade, propoñendo unha oferta de estudos adaptada ás necesidades do tecido empresarial e da sociedade en xeral.

Establecer vínculos de colaboración co mundo empresarial co obxecto de mellorar a formación académica do alumnado e facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.

Promover unha investigación orientada á transmisión de coñecementos para mellorar o desenvolvemento económico e social da nosa contorna.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese, comprometéndose a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición, sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables.

Valores

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais réxese polo compromiso cos seguintes principios éticos e profesionais:

- **Responsabilidade cara o estudiantado e a sociedade:** proporcionando unha formación dirixida á excelencia que cumpra coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade no seu conxunto.
- **Integración, participación e igualdade:** esta Facultade establece como un dos principios clave da súa política, que tódalas necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas, habilitando numerosas vías de manifestación de opinións, desacordos e protestas, e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das múltiples vías establecidas para iso, nomeadamente mediante a ampla representación nos diferentes órganos de xestión; garantindo en suma a accesibilidade, a participación e a igualdade. A Facultade está comprometida cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- **Orientación ao alumnado:** este centro garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado, entendendo que é o principal receptor deste. O coidado da figura do alumnado titor, a incentivación da designación de alumnado representante nos órganos de goberno do centro, a designación de delegados de curso, así como o desenvolvemento intensivo e extensivo da coordinación docente, así o atestigua.

- **Transparencia:** esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese e á sociedade en xeral. Todo o cal pode apreciarse no uso dado á nosa web, como principal ámbito de publicación de datos relativos aos indicadores de calidade, e mesmo no carácter preciso e transparente das nosas Memorias anuais de calidade.
- **Excelencia:** o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas, tanto no entorno do SUG, como nos contextos español e europeo.

Obxectivos

Con este marco, e tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais márcase como principal meta o desenvolvemento de programas formativos actualizados e socialmente relevantes, que estean avalados por unha xestión de calidade, a través dos seguintes obxectivos:

- Planificar os seus estudos facendo o uso máis eficaz posible dos recursos, humanos e materiais, dispoñibles.
- Garantir o desenvolvemento dos programas formativos cunha orientación aos/ás estudantes, manifestada con actividades de orientación ao inicio, durante e ao final dos estudos, atención á diversidade e necesidades especiais, oferta de actividades para a consecución de competencias transversais, fomento das prácticas externas, e fomento da mobilidade.
- Atender á mellora das condicións dos distintos colectivos de traballadores que conforman a Facultade, impulsando unha dotación de persoal suficiente así como o adecuado recoñecemento da súa actividade, fomentando a formación continuada do profesorado e do PAS, e facilitando, na organización do traballo, a conciliación entre a vida persoal e laboral.
- Asegurar a calidade nos recursos materiais e servizos, mediante un adecuado mantemento e renovación de equipos e instalación que permitan estar ao nivel requirido polos programas formativos en canto a equipamento científico, TICs, novos recursos para a aprendizaxe, atención aos protocolos de prevención de riscos e seguridade laboral, así como ás necesidades relativas á accesibilidade e integración de persoas con necesidades especiais.
- Utilizar a avaliación e seguimento dos resultados da formación e do sistema de garantía de calidade para a actualización e mellora dos procesos formativos, mediante a análise da consecución dos resultados da aprendizaxe, a adecuación das competencias ao exercicio profesional, a satisfacción dos grupos de interese, a análise da eficacia dos procedementos e as incidencias e suxestións dos grupos de interese.
- Garantir a dispoñibilidade pública de toda a información relevante para os grupos de interese en relación coa oferta formativa da Facultade, co fin de facilitar a toma de decisión informada e de posibilitar a súa participación nos procesos de mellora.

A dirección desta *Facultade* adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o Decano subscribe este documento de política de calidade o día 18 de decembro de 2020.